



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 29 DE XULLO DE 2010.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. MARCOS BLANCO JORGE.

Concelleiros/as :

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN (PSOE).

D. IGNACIO GOMÉZ PÉREZ (PSOE).

D^a MARIA BELEN VAZQUEZ
PADRON (PSOE).

D. JOSE PRIETO PEREZ (PSOE).

D^a. MANUELA

IGLESIASCOLLARTE (PSOE).

D. JOSE PEREZ IGLESIAS (PP).

D^a. SILVIA TABOADA FRANCISCO
(PP).

D. JUAN CARLOS FERNÁNDEZ
FERNÁNDEZ (PP).

D. LEANDRO CANITROT
TABOADA (PP).

D^a. CRISTINA PEREZ DOPICO (PP)

D. EMILIO JOSE CUIÑAS OTERO
(BNG).

D. ANXO COLLARTE PEREZ (BNG).

Secretario Xeral:

Pablo Portela Fernández.

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día vinte e nove de xullo de 2010 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Pablo Portela Fernández, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 24 DE XUÑO PASADO.

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 24 de xuño do 2010, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes, aínda que o voceiro do PP solicita que conste en acta que aproban a mesma ata o momento en que abandonaron o Pleno xa que a partir de ahí non participaron en ningún tipo de deliberación.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESIÓN.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 26 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 27 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 28 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 31 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 1 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 2 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 3 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 4 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 7 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 8 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 9 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 10 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 14 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 15 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 16 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 17 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 18 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 22 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 23 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de xuño, unha, sobre materia de obras e outras da sua competencia.

Do 25 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xuño, tres, unha sobre aboamentos, outra sobre acordar o arquivo e outra sobre materia de obras e outras da sua competencia.

Do 29 de xuño, cinco, unha sobre aboamentos, outra sobre acordar o arquivo, outra sobre concesión de vacacións, outra sobre expedición de traxeta de accesibilidade e outra sobre reabrir o expediente.

Do 30 de xuño, seis, unha sobre aboamentos, outra sobre denegar o outorgamento da licenza solicitada, outra sobre materia de obras e outras da sua competencia, outra sobre adxudicar o contrato administrativo especial, outra sobre desestimar o recurso e outra sobre proceder o nomeamento como persoal laboral temporal.

Do 1 de xullo, catro, unha sobre aboamentos, unha sobre materia de obras e outras da sua competencia e dúas sobre ordear a realización de obras nun inmoble.

Do 2 de xullo, unha, sobre aboamentos

Do 5 de xullo, catro, unha sobre aboamentos, outra sobre concesión do servizo de axuda no fogar, outra sobre inadmitir o recurso presentado e outra sobre revocar a Resolución da Alcaldía e reabrir o expediente.

Do 6 de xullo, unha, sobre aboamentos

Do 7 de xullo, cinco, unha sobre aboamentos, unha sobre nomeamento con carácter accidental como Cabo-Xefe e tres sobre materia de obras e outras da sua competencia.

Do 8 de xullo, catro, unha sobre aboamentos e tres sobre nomeamento de tribunal.

Do 9 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 12 de xullo, unha, sobre materia de obras e outras da sua competencia.

Do 13 de xullo, tres, unha sobre aboamentos e duas sobre nomeamento como persoal laboral temporal.

Do 15 de xullo, dez, seis sobre sobre concesion no servizo de axuda no fogar, outra sobre nomeamento de tribunal, outra sobre concesion de vacacións, unha sobre incoar expediente para a restauración da legalidade urbanística e outra sobre ordear a demolición das obras realizadas.

Do 19 de xullo, seis, unha sobre aboamentos, catro sobre materia de obras e outras da sua competencia e unha sobre iniciar orden de execución.

Do 20 de xullo, nueve, unha sobre aboamentos, duas sobre ordear a demolición das obras, unha sobre ordear a realización de actuacións, unha sobre imposición de multa coercitiva, unha sobre materia de obras e outras da sua competencia, duas sobre nomeamento de tribunal e outra de aprobación de taxas.

Do 21 de xullo, tres, duas sobre concesión de vacacións e unha sobre nomeamento de tribunal.

Do 23 de xullo, catro, duas sobre materia de obras e outras da sua competencia, unha sobre nomear como persoal laboral temporal e outra sobre incoar expediente sobre a legalidade da actividade urbanística.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS ACTUACIONES DE REHABILITACIÓN NA AREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA.-

Dase conta polo Secretario do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Ambiente de data 22 de xullo de 2010 co seguinte tenor literal:

“Deliberado sobre o particular a Comisión Informativa de Medio Ambiente e Urbanismo procede a votar a aprobación da ordenanza que se acada por maioría absoluta dos seus membros (cos votos favorables do PSOE e BNG e coa reserva ata o Pleno do PP), proponendo ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

A aprobación inicial da Ordenanza Reguladora das actuacións de Rehabilitación na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia.-“

Iniciase o debate coa intervención do Sr. Collarte Pérez en representación do BNG que considera que estas actuacións son favorables para o concello anunciando que o voto do seu grupo vai ser favorable.

En representación do PP o Sr. Perez Iglesias considera que hai unha diferenza en canto a documentación que se ten que presentar para a sua tramitación nas duas ordenanzas e que debe ser obxecto de aclaración

Cerrase o debate coa intervención da Sra. Iglesias Collarte explicando que as ordenanzas teñen un carácter periódico que se repite todos os anos e facendo referencia as súas características mais importantes

Deliberado sobre o particular o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda:

A aprobación inicial da Ordenanza Reguladora das actuacións de Rehabilitación na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia -.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS ACTUACIONES DE REHABILITACIÓN NA AREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO ANTIGO DE SAN CRISTOVO (RIBADAVIA)..-

Dase conta polo Secretario do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Ambiente de data 22 de xullo de 2010 co seguinte tenor literal:

O debate e o mesmo posto que se aproban ambos puntos conxuntamente.

Deliberado sobre o particular o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda:

A aprobación inicial da Ordenanza Reguladora das actuacións de Rehabilitación na Área de Rehabilitación do Casco Antigo de San Cistovo(Ribadavia)-.

5.- PROPOSTA DE REXEITAMENTO DA RESOLUCIÓN DE 1 DE XULLO DE 2010 SOBRE RENOVACIÓN DE CONXUNTOS HISTÓRICOS DE GALICIA .-

Dase conta polo Secretario do dictame da Comisión Informativa de Servicios de data 22 de xullo de 2010 co seguinte tenor literal:

” Deliberado sobre o particular a Comisión Informativa de servicios procede a votación da urxencia que se acada por unanimidade dos asistentes procedéndose posteriormente a votar o fondo do asunto que se acada por maioría absoluta dos seus membros (cos votos favorables do PSOE e BNG e coa reserva ata o Pleno do PP), proponendo ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Rexeitar a devantida Resolución solicitando da Consellería e o propio Instituto Galego de Vivenda e Solo que a deixen sen efecto, xa que crea un grave perxuízo para as obras rematadas ou en fase de execución e que están pendentes de subvención, e tamén crean unha gran incertidume no desenrolo de futuras actuacións de rehabilitación.*
- 2. Instar a Consellería e o I.G.V.S. a que este tipo de medidas sexan consensuadas e negociadas con antelación cos Concellos afectados, xa que nadie coñece mellor que os propios Concello a realidade que se está a vivir con respecto as problemáticas que poden xurdir no ámbito de rehabilitación en Cascos Históricos.*

3. *Neste tempo de crise económica vemos fundamental a aposta pola Xunta de Galicia de políticas de rehabilitación e conservación no noso patrimonio histórico-artístico e cultural, como unha forma de dar saída a demanda xerada no sector da construción. Isto non pode quedar en papel mollado, e a Xunta ten que invertir en políticas activas de rehabilitación dos cascos históricos en Galicia e deixar de pasar a tixeira para despois gastarse varios millóns de euros en publicidade institucional que triplica a aportación desta partida, fundamental para moitas vilas e cidades de Galicia.*
4. *Dar traslado do presente acordo a Consellería de Medio Ambiente, Infraestructuras e Territorio e o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.*

O Sr. Alcalde informa de que se produciron pequenas modificacións nos acordos a adoptar que son os seguintes:

1. Rexeitar a devantida Resolución solicitando da Consellería e o propio Instituto Galego de Vivenda e Solo que a deixen sen efecto, xa que crea un grave perxuízo para as obras rematadas ou en fase de execución e que están pendentes de subvención, e tamén crean unha gran incertidume no desenrolo de futuras actuacións de rehabilitación. Por elo o Concello de Ribadavia pide que se manteñan as subvencións da anterior resolución para os expedientes rematados ou en fase de execución pendente de xustificar.
2. Instar a Consellería e o I.G.V.S. a que este tipo de medidas sexan consensuadas e negociadas con antelación cos Concellos afectados, xa que nadie coñece mellor que os propios Concello a realidade que se está a vivir con respecto as problemáticas que poden xurdir no ámbito de rehabilitación en Cascos Históricos. Por elo pedimos dende o Concello de Ribadavia se manteñan as mesmas subvencións que en anos anteriores e en todo caso que sexan consensuadas coa FEGAMP.
3. Neste tempo de crise económica vemos fundamental a aposta pola Xunta de Galicia de políticas de rehabilitación e conservación no noso patrimonio histórico-artístico e cultural, como unha forma de dar saída a demanda xerada no sector da construción. Isto non pode quedar en papel mollado, e a Xunta ten que invertir en políticas activas de rehabilitación dos cascos históricos en Galicia.
4. Dar traslado do presente acordo a Consellería de Medio Ambiente, Infraestructuras e Territorio e o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Interven o Sr. Collarte Perez en representación do BNG explicando que a modificación nas cuantías económicas a percibir polos solicitantes se reducen dun xeito tan drástico que é absolutamente desproporcionado, ademais da inxusticia que supón que persoas que solicitaron hipotecas agora vexan vulnerados os seus dereitos dun xeito tan claro.

O Sr. Perez Iglesias en representación do PP manifesta que no caso de as obras estivesen rematadas sería moi inxusto polo cal considera que se debe facer forza para que nestes casos se manteña a subvención.

O Sr. Alcalde fai un recordatorio de que Fraga iniciou moi acertadamente esta política, que se continuou co bipartito posterior e que dá traballo a moitas persoas e no so no casco histórico senón tamén no rural. O problema radica en que hai xente que pediu créditos aos que agora non pode facer fronte xa que non se debe esquecer que as axudas

afectan a sectores sociais con rentas baixas. En base a solicitude dos veciños afectados celebrouse unha reunión no concello na que os veciños acordaron xunto co alcalde, porse en contacto con outros concellos da comarca para facer alegacións en contra da aprobación desta normativa. Sinala que vai facer forza nos concellos tanto do PSOE como do PP para chegar a un acordo e levar o debate ao parlamento.

O Sr. Perez Iglesias en representación do PP conclúe dicindo que os problemas dos veciños son os do seu grupo polo cal hai que buscar unha saída a esta problemática, recordado que un dos impulsores do PERI foi o seu grupo.

Deliberado sobre o particular o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda:

1. Rexeitar a devantida Resolución solicitando da Consellería e o propio Instituto Galego de Vivenda e Solo que a deixen sen efecto, xa que crea un grave perxuízo para as obras rematadas ou en fase de execución e que están pendentes de subvención, e tamén crean unha gran incertidume no desenvolvemento de futuras actuacións de rehabilitación. Por elo o Concello de Ribadavia pide que se manteñan as subvencións da anterior resolución para os expedientes rematados ou en fase de execución pendente de xustificar.
2. Instar a Consellería e o I.G.V.S. a que este tipo de medidas sexan consensuadas e negociadas con antelación cos Concellos afectados, xa que nadie coñece mellor que os propios Concellos a realidade que se está a vivir con respecto as problemáticas que poden xurdir no ámbito de rehabilitación en Cascos Históricos. Por elo pedimos dende o Concello de Ribadavia se manteñan as mesmas subvencións que en anos anteriores e en todo caso que sexan consensuadas coa FEGAMP.
3. Neste tempo de crise económica vemos fundamental a aposta pola Xunta de Galicia de políticas de rehabilitación e conservación no noso patrimonio histórico-artístico e cultural, como unha forma de dar saída a demanda xerada no sector da construción. Isto non pode quedar en papel mollado, e a Xunta ten que invertir en políticas activas de rehabilitación dos cascos históricos en Galicia.
4. Dar traslado do presente acordo a Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio e o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

6.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

MOCIÓN:

1.- Polo Sr. Collarte Pérez en representación do BNG, procedese a presentar unha moción sobre as festas locais para o ano 2011 e considerando como datas máis adecuadas para estes festivos a do 8 de setembro do 2011 en relación coas festas da Virxe do Portal e o 8 de marzo para o martes do entroido.

Procedese a votación de urxencia que se acorda por unanimidade dos membros do Pleno, pasándose posteriormente a votar o fondo do asunto que se acada por unanimidade dos

membros da corporación fixando como festivos locais para o ano 2011 o 8 de setembro do 2011 en relación coas festas da Virxe do Portal e o 8 de marzo para o martes do entroido.

2.- Polo Sr. Collarte Pérez en representación do BNG, procedese a presentar unha moción co seguinte tenor literal:

“MOCIÓN SOBRE A POSTA EN MARCHA DO MUSEO GALEGO DO VIÑO NA RECTORAL DE SANTO ANDRÉ DE CAMPORREDONDO (RIBADAVIA).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1997 o concello de Ribadavia renunciou ao uso da rectoral de Santo André de Camporredondo en beneficio da Consellería de Cultura da Xunta de Galiza para a creación, en dito inmovible, do Museo Galego do Viño por parte da administración autonómica.

O Museo galego do viño foi definido como un ente cultural destinado a preservar e difundir o patrimonio vitivinícola galego, recollendo a evolución histórica das distintas comarcas vitivinícolas galegas.

En 2005 (Resolución do 29 de setembro, DOG do 6 de outubro de 2005) a Consellería de Cultura e Deporte licitou as obras de recuperación da Rectoral de Santo André de Camporredondo para a súa conversión na sede do Museo do Viño de Galiza, cun investimento de 1.093.140 €. Rematada esta actuación, a finais do ano 2008 (resolución do 11 de decembro, DOG de 22 de decembro) licitábase o “proxecto museográfico do Museo Galego do Viño na casa reitoral de Santo André de Camporredondo en Ribadavia”, cun importe de 160.000 € e catro meses de execución.

Rematada a elaboración do proxecto museográfico do Museo Galego do Viño, queda para a súa apertura a creación xurídica do mesmo, a licitación da montaxe dos elementos museográficos recollidos no proxecto museográfico e a dotación de persoal, sen embargo dende o pasado cambio de goberno na Xunta de Galiza, non se deu ningún paso que indique a vontade do goberno galego do PP por aproveitar o traballo feito ate agora polos distintos executivos autonómicos e por en marcha un proxecto de vital importancia para a recuperación do patrimonio cultural de carácter vitivinícola, o seu coñecemento e investigación, o desenvolvemento turístico e a dinamización do sector do viño.

Ademais empezan a constatar os primeiros efectos da paralización do proxecto no deterioro que se está a producir nos materiais constructivos, polo que o suposto aforro que se produciría en aras da tan recorrida austeridade no gasto, a paralización da posta en marcha do Museo Galego do Viño, non só supón o freo a un importante motor para o sector do viño senón o estrago de fondos públicos xa investidos e maiores custos a futuro na súa subsanación.

Por todo isto, o BNG propónlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo a que realice as xestións oportunas para a apertura do Museo Galego do Viño na Rectoral de Santo André de Camporredondo, un proxecto do goberno galego dende hai case 15 anos, mediante a creación xurídica do mesmo, a licitación da montaxe dos elementos museográficos e a dotación de persoal”.

Procedese a votación de urxencia que se acorda por unanimidade dos membros do Pleno, pasándose posteriormente ao debate tomando a palabra en representación do PP o Sr. Pérez Iglesias que aclara que non teñen tempo para estudar os asuntos se con carácter reiterado se presentan como mocions o cal non implica que a postura do seu grupo sexa en contra dos asuntos que se votan, senon que consideran que para un correcto estudo necesitan dispoñer dos asuntos cunha antelación mínima proporcionada, incluso achegandolle os asuntos o día anterior.

En representación do PSOE o Sr. Gómez Pérez manifesta que respeta a súa postura pero non a comparte xa que a moción caracterízase precisamente pola urxencia coa que se presenta polo que considera que esa actitude é unha escusa para non discutir os asuntos. Engade ademais que este non é un tema novo e que noutras ocasións xa se cometeron erros co seu tratamento o cal parece indicar unha vontade política negativa, polo cal se precisa o máximo acorda entre as forzas políticas de Ribadavia para facer presión e ademais e algo sinxelo xa que é poñerlle cabeza a algo que non a ten.

En representación do BNG o Sr. Collarte Pérez lembra a visita do Director Xeral de Patrimonio en febreiro e o seu compromiso de sacar o tema adiante polo cal o deterioro que esta sufrindo o museo debe tocar o seu fin. Respecto da actitude do voceiro do PP engade que as cuestións de forma non deben invalidar o fondo e ademais este é un tema coñecido de sobra polo citado.

Responde o voceiro do PP resaltando a implicación do PP na implantación do museo. E respecto do tema das mocions aclara que o PSOE non aprobou as súas mocions e senon entran no debate non e por excurrir o bulto senon que quere que as persoas do seu grupo teñan un coñecemento claro dos antecedentes que acaban motivando os feitos actuais, razón pola cal quere romper esta dinámica de presentación de mocions.

Por último interven o Sr. Gómez Pérez en representación do PSOE que considera que cos concelleiros do PP sean novos non implica que sexan tontos e non se podan formar un criterio cando os feitos son tan absolutamente claros así mesmo entende que non é certo o que argumenta o voceiro do PP posto que en acordos anteriores nos que estaba en xogo a adicación dalgún concelleiro o Sr. Pérez Iglesias levantou inmediatamente a man sen necesidade de deliberación previa.

Procedese a votación do fondo do asunto que se acada por maioría absoluta dos asistentes (cos votos favorables do PSOE e do BNG, e coa abstención do PP) adoptando o Concello Pleno os seguintes acordos:

Instar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo a que realice as xestións oportunas para a apertura do Museo Galego do Viño na Rectoral de Santo André de Camporredondo, un proxecto do goberno galego dende hai case 15 anos, mediante a creación xurídica do mesmo, a licitación da montaxe dos elementos museográficos e a dotación de persoal.

3.- Polo Sr. Collarte Pérez en representación do BNG, procedese a presentar unha moción co seguinte tenor literal:

“MOCIÓN EN RELACIÓN COS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN DA XUNTA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Resolución do 22 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, daba conta das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008 que establecía as bases que regulaban, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procedía á súa convocatoria (tal como reflicte o Diario Oficial de Galiza nº 7, do 12 de xaneiro de 2009), baixo o título de programas de cooperación con entidades locais: subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

Analizado o reparto constátase unha falta de proporcionalidade, observando unha discriminación das persoas desempregadas en función da cor de quen governe o concello onde están inscritas e constatando que a distribución das axudas foron feitas dun xeito discrecional e partidista, prexudicando a veciños e veciñas que gozan de gobernos distintos ao partido que sustenta a Xunta da Galiza.

Esta circunstancia pon de manifesta a patrimonialización da administración poñéndoa ao servizo do partido que ostente o goberno, prexudicando gravemente a veciños e veciños de moitos concellos, sen respectar o comportamento básico dun exercicio democrático e un incumprimento das bases que recollía a Orde, ademais de vir a recuperar vellas prácticas botadas abaixo polo anterior goberno da Xunta de Galiza.

Ao mesmo tempo, constatamos como non se teñen en conta os criterios recollidos nunha Orde destinada ao fomento de emprego local polos concellos, á integración laboral da xuventude, á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e á mellora da empregabilidade das persoas desempregadas; como se pode comprobar en concellos cunha alta taxa de desemprego que non reciben apenas axuda cando outros reciben recursos desproporcionados.

Dada a situación de crise pola que estamos atravesando, a utilización de fondos públicos para combater o paro, debe adecuarse en función de parar esta sangría e aproveitar a oportunidade para mellorar as capacidades profesionais das persoas que, ao quedarse sen emprego, non teñen a oportunidade de poder traballar.

Polo tanto, compre racionalizar o uso destes recursos e sentar unhas bases mínimas para corrixir estas actuacións, realizando un reparto de fondos dos programas de cooperación de xeito equilibrado.

Por todo elo propomos o pleno municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que, de acordo coa FEGAMP, se establezan unhas bases que garantan un reparto xusto dos fondos dos programas de cooperación destinados aos concellos, recollendo os seguintes criterios:

- *Estabelecer un módulo mínimo por concello ao obxecto de poder dotar a todos e cada un deles da oportunidade de instrumentar políticas de emprego locais.*
- *O reparto do resto dos fondos terá en conta o número de persoas paradas rexistradas a finais do ano anterior, a media do desemprego nos últimos cinco anos e á perda de poboación.*
- *Todas as obras ou servizos que se realicen deberán ser de interese xeral e social e competencia propia do concello e executadas por el mesmo, dirixidas ás persoas desempregadas na súa totalidade, que permita mellorar a formación e a práctica profesional destas persoas.*
- *Que antes de proceder á concesión das axudas e subvencións, se publiquen os criterios técnicos de avaliación e selección de proxectos”.*

Procedese a votación de urxencia que se acorda por unanimidade dos membros do Pleno, pasandose posteriormente ao debate tomando a palabra en representación do BNG o Sr. Cuiñas Otero manifestando que se mandan poucos traballadores e por tempo inferior a o que viña sendo costume consolidado e así para a Ruta do Viño reduciuse o número de traballadores de 3 a 1 e non por nove meses senon por seis, o cal constitúe a política xeral nos concellos gobernados polo PSOE e BNG, o cal é contrario ás propias bases reguladoras da orden mediante a que se otorga a subvención posto que nela se sinala como un dos criterios determinantes da concesión de máis ou menos traballadores o número de persoas desempregadas no concello.

O voceiro do PP explica que para formarse un criterio claro tería que verificar esos datos e reitera os argumentos anteriores polos que se nega a votar este tipo de mocions senon ten coñecemento cunha antelación proporcionada.

O Sr. Gómez Pérez entende que a constatación destes feitos xa se explicou na comisión informativa e que de xeito sorprendente o Concello só recibiu catro traballadores por un período de catro meses, ademais de que o Concello non pode elixir o número de traballadores o cal lle parece unha tomadura de pelo xa que o longo do período do bipartito e constatable que se percibiron moitos máis traballadores, o cal demostra un intento claro de axfisiar aos Concellos do PSOE, o cal tamén se pode observar nas normas reguladoras dos obradoiros nos que se producen *cacicadas* do tipo de que certas persoas en menos de 15 días están traballando en dous Concellos, ou casos de Concellos pequenos que reciben máis traballadores os cales ás veces ninquera están desempregados.

Toma a palabra en representación do BNG o Sr. Cuiñas Otero criticando a actitude do portavoz do PP negándose a discutir as mocions e retirándose do pleno anterior sen discutir os temas obxecto de debate.

Por último interven o Sr. Pérez Iglesias aclarando que se deixan que estudien os temas verán claramente cal é a actitude do PP.

O Sr. Alcalde interven insistindo na crítica do comportamento do PP e aclarando os seguintes aspectos:

- 1.- A oposición ten a obrigaion de fiscalizar o goberno.
- 2.- O goberno non pode facer de oposición.
- 3.- Digan o que queiran dicir libremente pero polo menos debatan.

Procedese a votación do fondo do asunto que se acada por maioría absoluta dos asistentes (cos votos favorables do PSOE e do BNG, e coa abstención do PP) adoptando o Concello Pleno os seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galiza a que, de acordo coa FEGAMP, se establezan unhas bases que garantan un reparto xusto dos fondos dos programas de cooperación destinados aos concellos, recollendo os seguintes criterios:

- Estabelecer un módulo mínimo por concello ao obxecto de poder dotar a todos e cada un deles da oportunidade de instrumentar políticas de emprego locais.
- O reparto do resto dos fondos terá en conta o número de persoas paradas rexistradas a finais do ano anterior, a media do desemprego nos últimos cinco anos e á perda de poboación.
- Todas as obras ou servizos que se realicen deberán ser de interese xeral e social e competencia propia do concello e executadas por el mesmo, dirixidas ás persoas desempregadas na súa totalidade, que permita mellorar a formación e a práctica profesional destas persoas.
- Que antes de proceder á concesión das axudas e subvencións, se publiquen os criterios técnicos de avaliación e selección de proxectos.

4.- Pola Sra. Iglesias Collarte presentase unha moción verbal na que resumidamente se di o seguinte:

“A orde do 18 de xuño de 2010 aproba as bases e a convocatoria de subvencións a concellos para a realización de proxectos de educación para a sustentabilidade vinculadas ao Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Os proxectos para os que se solicita subvención versaran sobre unha serie de áreas temáticas, relacionadas directamente co PXOM e que actualmente están sendo tramitadas polo Concello, as cales deben incluírse dentro dunha memoria. Nesta memoria ademais deberá presentarse un acordo do Pleno da corporación municipal no que se recolla o compromiso do Concello de consideración das propostas elaboradas ao longo do proxecto por parte da cidadanía”.

En consecuencia, propónse a adopción do seguinte acordo polo Pleno municipal:

Que en relación coa orde de 18 de xuño de 2010 aproba as bases e a convocatoria de subvencións a concellos para a realización de proxectos de educación para a sustentabilidade vinculadas ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, o Concello de Ribadavia comprométese en canto a elaboración da memoria que debe presentar para a

obtención da subvención a consideración das propostas que realice a cidadanía en relación co citado proxecto.

O Sr. Collarte Perez en representación do BNG apoia o citado proxecto.

O voceiro do PP manifesta que o voto do seu grupo polas razóns expostas vai ser a abstención.

Procedese a votación do fondo do asunto que se acaba por maioría dos asistentes (cos votos favorables do PSOE e do BNG, e coa abstención do PP) adoptando o Concello Pleno os seguintes acordos:

A orde do 18 de xuño de 2010 aproba as bases e a convocatoria de subvencións a concellos para a realización de proxectos de educación para a sustentabilidade vinculadas ao Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Os proxectos para os que se solicita subvención versarán sobre unha serie de áreas temáticas, relacionadas directamente co PXOM e que actualmente están sendo tramitadas polo Concello, as cales deben incluírse dentro dunha memoria. Nesta memoria ademais deberá presentarse un acordo do Pleno da corporación municipal no que se recolla o compromiso do Concello de consideración das propostas elaboradas ao longo do proxecto por parte da cidadanía.

ROGOS E PREGUNTAS:

O Sr. Perez Iglesias en representación do PP formula a seguinte pregunta:

1.- ¿A recollida selectiva está funcionando ben xa que lle chegaron noticias de que se mezclan os orgánicos con plásticos e cos cartons?

O Sr. Alcalde contestalle que lle parece raro e que o que podería ocorrer é que ao ser os mesmos camións os que recollen esta basura con diferente frecuencia, puidese parecer que recollen a mesma ou cal non é así.

O Sr. Gómez Pérez contestalle que se a empresa fíxese iso a sancionaría ou cal iría en contra da súa política xa que non obtendrían beneficios. O que si pode ocorrer e que nos contenedores amarelos haxa basura ordinaria o cal é fácil de constatar.

O Sr. Fernández Fernández en representación do PP formula os seguintes rogos:

1.- Que se proceda a limpeza dun camiño de Esposende que xa se solicitou noutras ocasións.

O Sr. Alcalde aclaralle que necesita a localización exacta da pista e que se procederá a súa limpeza aclarando tamén que hai moitísimo traballo e non sempre se consegue ter estes traballos como sería desexable.

2.- Que se adecue un solar na Rúa Ribeiro que presenta unha vexetación desbordante.

O Sr. Alcalde contestalle que neste ámbito se fixeron multitude de notificacións entrando incluso nalgún terreno privado polo risco de incendios, lembrando que nalgúns casos xa se chegou a imponer multas e se precisa dunha maior colaboración por parte da cidadanía.

3.- Que se proceda a limpar os contenedores polos cheiros que actualmente se desprenden.

O Sr. Alcalde contestalle que se fixo unha limpeza dos que estaban peor aínda que resalta que a cidadanía debe implicarse na súa conservación posto que actualmente na Praza Maior se incumpen as horas nas que se debe tirar o lixo e incluso o domingo en que non hai recollida, e os comerciantes son coñecedores, se sigue tirando o lixo.

4.- Que se tomen medidas para que o tratamento do lixo do Super Eroski se realice adecuadamente xa que desprende moito olor.

O Sr. Alcalde contestalle que actualmente vanse tomar medidas para que os líquidos que producen olor vaian directamente o sumidoiro ou no seu caso que os titulares do supermercado pasen un manguerazo para evitar que se produzan estes olores.

5.- Que se reponga unha faroga que falta na Praza de Abastos.

O Sr. Alcalde contestalle que xa esta posta e que falta o caperuz.

Concluído o anterior, ás nove e media da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE ,

O SECRETARIO,